

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

SUBVENCIONES CORRESPONDIENTES AL FONDO DE FINANCIACIÓN PARA LA REACTIVACIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA (PEL-REACTIVA)

BDNS(Identif.): 531574

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/531574>)

Extracto de la convocatoria específica del AYUNTAMIENTO DE PONTEDEUME, como ayuntamiento adherido al programa de la Diputación de A Coruña denominado PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMIENTO PARA LA REACTIVACIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL DE LA PROVINCIA DE LA CORUÑA.

Primero. Beneficiarios

Estas ayudas van dirigidas a personas trabajadoras autónomas con o sin trabajadores/as a su cargo y microempresas, cualquiera que sea su forma jurídica, que tengan su domicilio fiscal en el Ayuntamiento de Pontedeume y que se encuentren en alguno de los supuestos que se indican en la base 4ª de la norma 18, que regula las Bases específicas reguladoras de las ayudas de ayuntamientos adheridos al Fondo de Financiamiento para la reactivación económica y social de la provincia (BOP de A Coruña nº 123 de 05/08/2020; redacción definitiva publicada en el BOP de A Coruña, nº 128, de 12/08/2020).

Segundo.- Objeto y finalidad

El objeto de las ayudas es impulsar la actividad económica y el empleo en el término municipal de Pontedeume y contribuir a paliar en la medida de lo posible los daños producidos en las microempresas y autónomos/a, derivados de la crisis sanitaria ocasionada por la pandemia de la COVID-19 y la entrada en vigor del Real decreto 463/2020, del 14 de marzo, por el que se declaró el estado de alarma y sus posteriores prórrogas.

La finalidad de estas ayudas, dirigidas a financiar gastos corrientes, es facilitar medios a las microempresas y personas trabajadoras por cuenta propia o autónomas del Ayuntamiento de Pontedeume, para hacer frente a las consecuencias derivadas de la crisis motivada por la COVID-19, y contribuir a su recuperación y viabilidad en el nuevo contexto socioeconómico.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se rige por las Bases específicas recogidas en la norma nº 18 de las bases reguladoras de las ayudas PEL-REACTIVA: Fondo de Financiamiento para la reactivación económica y social de la provincia de A Coruña, que fueron publicadas en el BOP de A Coruña, nº 123 de 05/08/2020 y cuya redacción definitiva fue publicada en el BOP de A Coruña, nº 128, de 12/08/2020, disponibles en los siguientes enlaces.

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/05/2020_0000005419.pdf

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/12/2020_0000005589.pdf

Cuarto. Cuantía e importe

La cuantía de la subvención concedida por la Diputación Provincial para el Ayuntamiento de Pontedeume, asciende a 110.193,37€, con cargo a la aplicación presupuestaria 241.47900, proyecto de gasto 2020/3/MH/1 del presupuesto municipal para 2020.

El importe de las ayudas será fijo, pudiendo ser de 1.500€; 2.000€; 2.500€ o 3.000€, determinado según los criterios de la Base 8ª de las bases específicas recogidas en la norma 18 antedicha.

Estas ayudas serán compatibles con cualquier otra concedida por entidades públicas o privadas, siempre que el importe total de las ayudas percibidas por el mismo concepto no supere el coste total de los gastos subvencionables por

las presentes ayudas, y hasta un máximo de 40.000 €. El importe de ayuda a conceder será minorada en la cantidad que exceda de este límite.

El pago de la subvención será único, según lo establecido en la base 13ª de las bases específicas recogidas en la norma 18 antedicha.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes en el Ayuntamiento de Pontedeume, por parte de las microempresas y personas trabajadoras autónomas del término municipal, se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña, de la convocatoria específica de ayudas de este ayuntamiento y finalizará a las 14.00 horas del día 25 de noviembre de 2020.

PONTEDEUME

4/11/2020

BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE

SUBVENCIONS CORRESPONDENTES AO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (PEL-REACTIVA)

BDNS (Identif.): 531574

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/531574>)

Extracto da convocatoria específica do CONCELLO DE PONTEDEUME, como concello adherido ao programa da Deputación da Coruña denominado PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Primeiro. Beneficiarios

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que teñan o seu domicilio fiscal no Concello de Pontedeume e que se atopen nalgún dos supostos que se indican na base 4ª da norma 18, que regula as Bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da provincia (BOP da Coruña nº 123 de 05/08/2020; redacción definitiva publicada no BOP da Coruña, nº 128, de 12/08/2020).

Segundo.- Obxecto e finalidade

O obxecto das axudas é impulsar a actividade económica e o emprego no termo municipal de Pontedeume e contribuír a paliar na medida do posible os danos producidos nas microempresas e autónomos/a, derivados da crise sanitaria ocasionada pola pandemia da COVID-19 e a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma e as súas posteriores prórrogas.

A finalidade destas axudas, dirixidas a financiar gastos correntes, é facilitar medios ás microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas do Concello de Pontedeume, para facer fronte ás consecuencias derivadas da crise motivada pola COVID-19, e contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria réxese polas Bases específicas recollidas na norma nº 18 das bases reguladoras das axudas PEL-REACTIVA: Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, que foron publicadas no BOP da Coruña, nº 123 de 05/08/2020 e cuxa redacción definitiva foi publicada no BOP da Coruña, nº 128, de 12/08/2020, dispoñibles nos seguintes enlaces.

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/05/2020_0000005419.pdf

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/12/2020_0000005589.pdf

Cuarto. Contía e importe

A contía total da subvención concedida pola Deputación Provincial para o Concello de Pontedeume, ascende a 110.193,37€, con cargo á aplicación orzamentaria 241.47900, proxecto de gasto 2020/3/MH/1 do presuposto municipal para 2020.

O importe das axudas será fixo, podendo ser de 1.500€; 2.000€; 2.500€ ou 3.000€, determinado segundo os criterios da Base 8ª das bases específicas recollidas na norma 18 antedita.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000 €. O importe de axuda a conceder será minorada na cantidade que exceda deste límite.

O pago da subvención será único, segundo o establecido na base 13ª das bases específicas recollidas na norma 18 antedita.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes no Concello de Pontedeume, por parte das microempresas e persoas traballadoras autónomas do termo municipal, iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, da convocatoria específica de axudas deste concello e finalizará ás 14.00 horas do día 25 de novembro de 2020.

PONTEDEUME

4/11/2020

BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE

2020/8336